

# **POLA DEFENSA DOS DEREITOS LINGÜÍSTICOS**

**Resolución do 14.º congreso da Federación estatal de *enseñanza* de CCOO**

Nos últimos tempos vimos como cristalizou o odio á diversidade lingüística que existe no Estado español naqueles territorios onde accederon ás institucións e gobernos o PP co apoio de VOX. Desde sempre, a ultradereita ataca os dereitos lingüísticos como un elemento de represión e de imposición da uniformidade que proclaman, denigrando, obstruíndo ou esmagando as outras linguas oficiais distintas do castelán.

O seu exemplo máis recente canalizouse mediante a Lei 1/2024, mal chamada de “liberdade educativa” e cuxo obxectivo é reducir o ensino-aprendizaxe do valenciano e reverter os avances que nos anos anteriores se puideran alcanzar.

A nosa organización sindical, as CCOO, somos a organización máis grande que existe no Estado español. Temos, pois, o deber de ser garantes do respecto, a defensa e a garda dos dereitos lingüísticos como parte dos dereitos humanos. Atentar contra eles é atentar contra a identidade e o que configura o máis íntimo e prezado do ser humano.

Por iso, desde FE CCOO consideramos que a nosa organización está en disposición de liderar no ámbito estatal unha liña de traballo para preservar e garantir que en todos os territorios de España se respecten todas as linguas oficiais, todas as que na nosa Constitución aparecen e aquelas que poidan chegar a ter a consideración de linguas oficiais.

Instamos a que se cree no seo das CCOO unha estrutura organizativa propia encargada de promover e garantir o uso das diferentes linguas e o respecto dos dereitos lingüísticos.

Así mesmo, instamos a que se traballe por un ente estatal, que se lle propoña ao Goberno central que o cree, para que se poidan atender tanto as agresións ás linguas oficiais diferentes do castelán como aquelas normas que poidan atentar contra os dereitos lingüísticos da cidadanía.



**Afíliate! É esencial.**

[ccoоensino.gal](http://ccoоensino.gal)